

## DÍA DA PAZ 2006

O 30 de xaneiro é o día da Paz. As crianzas chegarán do colexio con pombas de papel que colar na parede, ou con debuxos que representen persoas coas mans entrelazadas, postas en corro, ou terán escrito redaccións sobre os horrores da guerra. Eu, que son nai, ollarei para os nenos, para as nenas, coa mirada húmida, si, meu neno, moi ben, si, que lindo, cariño. Día da Paz. Iso quere dicir que aos escolares tócalles afanarse en traballar un concepto inexistente. As efemérides que van entrando no calendario en substitución do santoral deben de estar para iso, para cultivar rarezas: día sen coche, día sen fume, día das letras galegas, día da árbore que quere dicir que os demais días son con coche, con fume, sen letras galegas e sen árbores. Día da Paz para cantar: "ao corazón do amigo, abre a muralla; ao dente da serpe, pecha a muralla". Día da paz, para recortar pombas, e escribir poesías, e continuar tranquilamente a nosa existencia, sen facermos ABSOLUTAMENTE NADA.

No próximo mes de xuño, na sé de Nacións Unidas en Nova Iorque vaise celebrar a I Conferencia Mundial sobre o control de armas porque mesmo ata alí, ata ese paraíso afastado onde viven os burócratas, chegou o rumor de que cómpre poñer algún límite aos excesos do poder. quen sería tan inmoral como para poñer unha pistola nas mans dun asasino? Pois os gobernos irresponsables do mundo venden armas a reximes que teñen un nutrido historial de violacións dos dereitos humanos ou a países nos que as armas van parar directamente a mafias paramilitares. Complexas normativas rexen o trasvase de mercadorías dun estado a outro, mesmo de cousas tan raras coma osos de dinosaurio ou selos antigos. Pois, por sorprendente que pareza, non hai acordo internacional ningún que regule as transferencias de armas.

Entrementres, en todos os conflitos bélicos do mundo, a poboación civil sofre homicidios, violacións, raptos e saqueos que só poden facerse con esas armas. En Serra Leona, na República Democrática do Congo, en Haití as armas perforan a homes e mulleres. En Iraq, en Sudán, en Uganda as armas fan estoupar a pel e os miolos de novos e vellos. En Chechenia, en Costa de Marfil, en Liberia as armas acaban con nenos e nenas. Por non falar de Palestina e os territorios ocupados, onde a paz nin se ve vir nin é posible soñala. As vítimas mortais xa non poden dirixirse aos políticos para berraren. Porén as súas voces, como as dos centos de miles de persoas ás que

cada ano a violencia lles destroza a vida, deben ser oídas. Presto a miña voz a esas persoas para pedir, para pedirvos, que estoupe dunha vez a paz.

O risco que corremos nós, a cidadanía dos países ricos, é o de coller a pombiña de papel é seguir rogando pola paz na listaxe de desexos do nadal. E entrarmos na espiral. A espiral é pagar impostos cos que se sufragan os gastos militares e participar así da lóxica da guerra, a lóxica que explica o negocio das armas, porque as armas, non o esquezamos, son un negocio rendible, unha morea de produtos de alta tecnoloxía que sempre atopan comprador. As armas prodúcense en fábricas axustadas ás leis do mercado. Cando non hai demanda, basta con provocar un conflito nalgures para que medren iso que dende aquí se chaman “foitas tribais” e a morte dunha morea de individuos perdidos e insignificantes asegure que por aquí se manteña o PIB. Hai nenas que traen do colexio pombas de papel para pendurar na parede e hai nenas que voltan a casa dende o colexio sen pernas porque, ao pisaren o chan, activaron unha mina antipersoal. Todo depende de onde teñan nacido. Síntome culpable hoxe de poder recibir aos meus nenos enteiros sabendo que hai nais que os reciben esnaquizados, rotos, mutilados porque o meu país e os do seu entorno sementan o mundo de cepos mortais. Uso a miña voz para esixir cos desfavorecidos que estoupe dunha vez a paz.

Non quero que a paz sexa un tópico desexo navideño ou unha actividade escolar sen conexión coa realidade; daquela só fica o activismo. Que os cidadáns e as cidadás do mundo desarmen aos seus gobernos plantando flores nos exércitos. Todos sabemos que un irresponsable cun coche potente irá a toda velocidade. Todos sabemos que un irresponsable, se ten armas, vailles dar saída. Vivimos un momento da historia da humanidade crucial porque agotamos todas as lóxicas do poder: agora é mais doado, máis barato e máis rápido eliminar o mundo que continuar habitándoo. As situacións límite como esta esixen respostas imaxinativas. Como facer obxeción fiscal aos gastos militares. É unha solución posible, que só esixe un compromiso individual, de xeito que os cartos que o goberno ía dedicar a presupostos militares se invistan en educación, saúde, arte, cultura... Podemos elevar os presupostos para axuda humanitaria e crear un fondo de reserva plurianual para enfrontar emerxencias, de xeito que o exército non se nos presente coma unha irmanciña da caridade que vai polo mundo quitando escombros e repartindo inxeccións. Non nos enganemos, os galóns, as armas e a marcialidade militar non están feitos para repartir beizóns. Finalmente, ven o desarme e as actividades de mantemento da paz e para garantir este proceso

teñen que preguntarnos ás nais. Si, si, ás nais. Uso a miña voz para lembrar que, fronte aos señores da guerra, a cultura tradicional das mulleres, o saber das avoas, está vencellado á paz.

Porque xa vai sendo hora de poñer o mundo patas arriba que, na posición en que agora está, o mundo non se sostén. E se hai que poñelo patas arriba, hai que mandar calar aos mediastintas, aos indecisos, ás xentes sen arrestos, aos cangallos, aos covardes, aos apoucados, as xentes que pensan unha cousa e fan outra, aos mentireiros, aos reformadores de pacotilla, aos que están cansos antes de comezar. Que calen! Hai que mandar calar aos que adoitan argumentar que ningún país quere desmantelar o seu armamento o primeiro para non ficar nas mans dos outros. Como se estar inerte fose igual que estar espido. Os que teiman en non cambiar o mundo insisten en que as armas garanten a paz coa pelegrina argumentación de que, sen armas, todos os países estarían ao albur dalgún malvado que se fixese cunha bomba potente, un personaxe inverosímil de cómic americano. Fronte a este derrotismo e á connivencia co poder, temos que crer nos argumentos da solidariedade, e da cooperación. Hai xogos de gaña-perde, onde se tis gañas, eu perdo e hai xogos cooperativos, onde gañamos todos ou perdemos todos. Nas guerras dos nosos devanceiros, as guerras coloniais, o xogo era de ou gañas ou perdes, e África perdeu a liberdade e o progreso coa colonización europea, onde os nosos países gañaron terras, produtos naturais e ata escravos. Mais coa capacidade de destrución masiva que hoxe temos, a guerra é un xogo onde todos perdemos. Porque claro é que o ser humano leva violencia dentro de sí e que os individuos queren impoñerse, e conquistar, e berrar máis alto. Porén as nais, xuíces a xornada completa, forman parte da tradición pedagóxica dos coidados, que canaliza as ansias dos bule-bules cara ao deporte, as ganas de protagonismo cara a competitividade honesta, a carraxe cara o traballo doméstico de limpar os cristais. Na cultura que durante centos de anos amasaron as mulleres do mundo, aquí e en Tombuctú, as nais administraron coidados e consideraron a violencia coma unha forza interior, que pode corrixir desequilibrios, e que, non o esquezamos, resulta creativa na arte ou na loita social sempre que non se alíe cos intereses económicos. Se puidésemos entronizar esa lóxica, as batallas pasarían a historia. Sabedes por que? Porque ninguén estraga aquilo que realmente ama. Se imos ensinar aos que veñan a amar a paz, temos que aprender e aprenderlles a traballar en comunidade, a respectar aos veciños, a aceptar aos que viven doutro xeito, a descubrir o valor da diversidade, das diferencias en política, en orientación sexual, en formas de vida, en comportamentos. Só despois de feito isto, eu poderei pendurar, tranquilamente, sobre a parede a

pomba de papel que os meus fillos traerán o luns a mediodía do colexio. Daquela, en nome dos inocentes, dos desfavorecidos, dos espidos, en nome do soldado descoñecido e da compañeira do soldado descoñecido, no voso nome, declaro solemnemente a paz. Que así sexa.

**Teresa Moure**

Escritora